

Martes, 28 de xuño de 2022

Núm. 122

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ESTRADA, A

Persoal, oposicións

*CORRECCIÓN BASES DA CONVOCATORIA ELABORACIÓN DE 1 BOLSA DE EMPREGO
PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS (AUXILIAR
ADMINISTRATIVO)*

ANUNCIO

CORRECCIÓN BASES DA CONVOCATORIA ELABORACIÓN DE 1 BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS (AUXILIAR ADMINISTRATIVO)

Advertido erro na redacción da Cláusula 10ª das bases da convocatoria para a elaboración de 1 Bolsa de emprego para o nomeamento de funcionarios interinos (Auxiliar Administrativo) aprobadas por resolución de Alcaldía n.º 2022-0525 de 25/04/2022 e publicado o anuncio da convocatoria no BOPPO n.º 88 do 09/05/2022 no relativo á terceira proba obrigatoria e eliminatória, por resolución de Alcaldía n.º 2022- 0864 de 21/06/2022 procedeuse á corrección da mesma quedando do seguinte xeito:

Onde di:

Terceira proba. De carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá na realización dunha proba de coñecemento sobre o paquete ofimático de Office (folla de cálculo e procesador de texto) con formato tipo test, o cuestionario será de 20 preguntas (máis 5 de reserva), con tres respostas alternativas das que so unha será a correcta. O exercicio será cualificado de ero (0) a dez (10) puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. Serán eliminados aqueles aspirantes que non a obteñan.

Debe dicir:

Terceira proba. De carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá na realización dunha proba de coñecemento sobre o manexo de ferramentas de ofimática (LibreOffice: Writer e Calc Versións 6.2) con formato tipo test; o cuestionario será de 20 preguntas (máis 5 de reserva), con tres respostas alternativas das que so unha será a correcta. O exercicio será cualificado de cero (0) a dez (10) puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. Serán eliminados aqueles aspirantes que non a obteñan.

O que se fai público para o seu coñecemento e demais efectos.

A Estrada, 21 de xuño de 2022.—O ALCALDE, José C. López Campos

